



ARUME FOTOGRAFÍA

Alfredo Erias, investigador e historiador

Alfredo Erias, historiador, investigador, director do Museo das Mariñas e do Anuario Brigantino acaba de publicar o libro "Iconografía de las tres iglesias góticas de Betanzos. San Francisco, Santa María do Azougue y Santiago", resultado do traballo de tres décadas de investigación.

"Creo que é fundamental resucitar e por en valor o camiño xacobeo de Vilalba a Betanzos"

"No libro demóstrase que Betanzos é a capital indiscutible do Gótico galego"

ISABEL SOUTO / Betanzos

Alfredo Erias presentará o vindeiro 27 de febreiro na Aula de Cultura Xulio Cuns o libro "Iconografía de las tres iglesias góticas de Betanzos. San Francisco, Santa María do Azougue y Santiago", unha publicación baseada na súa tese doutoral que presentou hai un ano e que lle valeu a calificación de sobresáinte *cum laude*.

-O libro que agora presenta é o resultado de tres décadas de investigación...

-Si, o primeiro traballo que publiquei relacionado co libro foi no Anuario Brigantino de 1984, referíase ó descubrimento dun sepulcro que pertencía a Afonso de Carvalido, un comerciante que era importante, porque estaba enterrado nun sepulcro monumental e é a única imaxe que hai en Galicia dun líder irmandiño burgués. A partir daí foron xurdindo unha serie de traballos que en principio eu non sabía que rematarían sendo unha tese e finalmente considerei que había que dar forma a iso e engadir todo o que faltaba. Fotografei coa miña muller todos os capiteis e todo eso levouno a descubrir un montón de cousas das que eu non tiña nin idea, como non tiña ningún.

-En todos estes anos de traballo realizou numerosos descubrimentos, moitos deles realmente chamativos e curiosos que podemos atopar no libro.

-Si hai moitos, por exemplo nos capiteis, un dos descubrimentos que máis pracer me deu foi descifrar que significaba a cabeza dun home vello con longa barba rodeada de dúas sereas ave. Despois dun longo proceso puiden saber que a orixe desta imaxe está na Odisea, en Ulises e as sereas pero que ó tempo se contamina coa imaxe do sabio antigo e o que fan os franciscanos é demonizar o sabio antigo. Esta historia pódese seguir nas tres igrexas, en Santiago, en San Francisco e en Santa María e observamos que nas diferentes esceas representadas pásase de demonizar ó sabio antigo a demonizar ó sabio da mesma época na que se están construindo as igrexas cunha

mensaxe de que a sabiduría fóra do evanxeo equivale a soberbia. Esta é unha cousa curiosa pero houbo outros descubrimentos, se se quere, máis espectaculares.

-Por exemplo?

-Descubrir que no apostolado que había na parte baixa dos nervios da ábsida de San Francisco, un dos apóstolos é Santiago Peregrino. Eso é importante, porque Betanzos é unha capital fundamental dentro da rede dos camiños xacobeos. Esto nos leva á necesidade de reivindicar que, ademais do Camiño Inglés, é urxente resucitar, poñer en valor e en funcionamento o camiño que viña de Vilalba a Betanzos, e que alguén borrou no seu momento dos mapas xacobeos. Nos mapas antigos de Galicia os dous camiños principais que había, ademais do portugués, eran o Francés e o do Norte, que chegaba a Ribadeo e de aí viña directamente a Betanzos. Eran os dous camiños máis importantes. E niso estou a traballar con José M^o Veiga e con Alberto López para poñer en valor esta ruta.

-O libro está baseado na tese doutoral que presentou hai un ano pero despois diso aínda seguiu investigando...

-Si, engadíndos dous capítulos máis que non estaban incluídos na tese. Un sobre o retablo tardogótico de Santa María do Azougue e outro sobre o retablo do Arcediano da Igrexa de Santiago. Neste último, no centro, vemos unha imaxe de Xesucristo flanqueado por dúas imaxes ás que ninguén lles fixo caso, incluíndome a min. Unha delas resultou ser un retrato espectacular de Carlos V e a outra, o seu avó, Maximiliano I de Habsburgo. O cal quere dicir que hai unha unión entre a Igrexa e o Imperio. É espectacular pola súa conexión co renacemento italiano.

-O traballo recibiu moi boas calificacións e comentarios como que é unha obra de arte que aporta moitas respostas e tamén moitas preguntas, quedan cuestións abertas para seguir investigando?

-A tese ten tantas imaxes, practicamente cada imaxe das igrexas que pode ter unha lectura está aí. Eu intento dar resposta a todas, pero eso non quere dicir que necesariamente teña que acertar en todas, por

eso é un elemento de consulta para outros investigadores. É unha obra que abre camiños, estou seguro. O que eu intentei foi ver por unha parte como se reflectía a sociedade betanceira e galega nas nosas tres igrexas, e por outra parte tamén como nos amosaban a imaxe de Deus e do seu entorno.

-E como se amosa a imaxe das xentes de Betanzos nas igrexas?

-É moi interesante que en Santa María haxa un calendario agrícola medieval que é o único que está completo en Galicia, hai outro incompleto en San Francisco e tamén hai un calendario de constelacións. Esto danos a imaxe dos campesiños. Logo están os cabaleiros, Betanzos é a vila medieval que máis cabaleiros ten. E vemos reflectidos os cabaleiros nos seus sepulcros e, no caso de Andrade, temos tamén reflectido o mundo da caza de maneira espectacular. E non só fixen un estudio da caza a través de Andrade e de como se reflexaba no seu territorio senón tamén busquei conexión con Portugal e coa caza antiga, grecorromana, sobretodo.

-Un dos descubrimentos máis destacados relacionados con Andrade é o significado da empuñadura da súa espada, como foi este achádego?

-Pois é algo para min importante. O pomo da espada ten unha estrela de seis puntas e sempre se lle deu voltas a iso pero creo que non se acertara. Agora creo que a cousa está clara, descubrino cando estudei os rosetóns das igrexas e atoparme coa frase da Biblia "eu son a luz do mundo". Polo tanto, a luz é Deus e os rosetóns que filtran a luz significan Deus. Onde está o achádego é en considerar que o pomo da espada é un rosetón e tendo en conta isto deducimos que Andrade, soterrado na ábsida de San Francisco, quixo ser soterrado como "un soldado de Cristo".

Outra das conclusións importantes en relación con Fernán Pérez de Andrade é que, se ben as igrexas foron construídas por el, non foi a cambio de nada. El era o cabaleiro máis importante da época en Galicia pero era un nobre "segundón", e necesitaba lexitimar o seu poder e os

franciscanos eran o camiño, porque quen lexitimaba o poder era a Igrexa, así que a cambio de edificar os templos, pediu que se lle deixase enterrar a el e á súa familia nun lugar privilexiado, a ábsida de San Francisco, a súa capela sepulcral.

-A obra ten 800 páxinas, con máis de 1800 fotografías e 330 debuxos, case todos seus...

-É un libro con moita imaxe, moi visual, que entra polos ollos. Esa era a miña intención, a través das imaxes intentar evitar "rollos". Ademais o deseño tamén é meu... é un libro feito na casa e con todo o mimo e agarimo. Para isto tamén me serviu a experiencia de tantos anos no Anuario Brigantino. Por certo, tamén emprego a estatística no libro, algo difícil de ver nos libros de Historia da Arte.

-Todos estes descubrimentos que agora se poñen ó alcance do público a través desta obra, cre que servirán para que a xente valore máis a nosa arte e a nosa historia, que vexamos doutro xeito o noso patrimonio?

-Investigar é como unha especie de droga e as satisfaccións que ti tes cando cres atopar unha resposta son de tal nivel que por eso investigas. Agora o reto é que esa paixón e esa ledicia por ter atopado algunhas respostas chegue á xente e mesmo teña efectos económicos. Eu aspiro a que moitas das cousas que se investigan e que saen á luz logo poidan ser traducidas a outros niveis da Cultura: a comic, a contos, trasladar este mundo medieval que agora parece un pouco máis claro a soportes e medios que o fagan máis cercano á xente. Confío en que sexa como unha semente e que xermole unha árbore forte e potente.

-Ten vostede algunha idea ou proposta para facer máis cercano aínda este coñecemento á xente?

-Encantaríame, e a partir deste libro pódese facer, crear a tradición de unha visita de Nadal polas nosas tres igrexas góticas, porque resultaría sorprendente. Hai moitísimas esceas da anunciación, do nacemento, da adoración dos Magos, de San Xosé e María co neno, algunhas delas espectaculares e con variacións sim-

"O reto como investigador é que a paixón e a ledicia dos descubrimentos chegue á xente e que teña efectos económicos para a vila"

páticas. Ideas teño moitas e gustaríame moito

poder levalas todas a cabo pero estoume dando conta de que a vida pasa a demasiada velocidade e é imposible, así que polo menos eu confío en que os nosos debuxantes, escritores, que os temos moi bos, saquen todo o partido que se pode sacar deste libro que ofrece un marco documentado dun mundo no que Galicia se podería homologar a calquera reino europeo do momento. E nese sentido hai que poñer, unha vez máis, en valor o Camiño de Santiago, que é o que fai Europa e Galicia nese sentido é fundamental.

-Aínda que sexa complexo, cal sería a conclusión máis importante que tira das súas investigacións?

-Desde logo que Betanzos é a capital indiscutible e con moita diferenza do Gótico Galego. Sen dúbida ningunha. Para a Galicia dos séculos XIV e XV Betanzos é a capital cultural. É onde hai máis sepulcros, máis imaxes da sociedade, de xente do pobo, do clero, de peregrinos... hai un capítulo adicado ás mulleres, a muller de Betanzos, en especial a muller de Fernán Pérez de Andrade, é un punto de partida para a moda máis importante medieval en Galicia.

-A súa é unha auténtica paixón polo mundo medieval, dende as investigacións ós debuxos... como nace esta paixón?

-Todo empeza pola afición ó debuxo arqueolóxico na miña etapa universitaria. Despois, o segundo momento chega cando empecei a traballar en Betanzos no Museo das Mariñas, isto supuxo para min grandes descubrimentos que despois se incentivaron coa dirección do Anuario Brigantino e iso fai que o interese vaia medrando e tamén a paixón.

Alfredo Erias ten ás súas costas moitos anos de traballo en diferentes eidos da cultura e proxectos en marcha como a creación do Mesón Museo Xente no Camiño que agarda abrir en breve en Presedo Abegondo, a súa vila natal. Asegura que é "un luxo traballar en Betanzos e que se sente moi feliz".